

O porco de pé (1928)

Don Celidonio é gordo e artrítico. O carrolo sáelle para fóra; na calva ten unha que outra serda; ten as fazulas hipertrofiadas, da cor do magro do xamón, e tan lustrosas, que semellan que botan unto derretido; as nádegas e o bandullo vánselle un pouco para baixo.

O lardo rezúmalle por todo o corpo, e no vran súdao en regueiros aceitosos e en pingotas bastas, coma as que deitan os chourizos cando están no fumeiro.

Así como é graxento o corpo, tamén o miolo de D. Celidonio. Se lle escachasen a testa, que tiña que ser con pau-ferro e picaraña, en lugar dunha sesada habían atopar un unto. Corpo e alma, tanto ten, todo é graxa e manteiga. Don Celidonio é igual por dentro ca por fóra: carne e espírito son a mesma zorza, misturada e revolta, co mesmo adubo de ourego e pemento.

Pois, don Celidonio veu de Castela, de mancebo do Baldomero García, onde botou moitos anos curtindo sabañóns, enzoufado no aceite e no bacallau.

Tamén Baldomero viñera de Castela, vendendo queixo de pé de mulo polas portas, cunha blusa azul curta, cirigolas e chapeo coma o dos charros de Salamanca. Era pequeno, feito de cordas e sarmentos, e tiña a gadoupa enguruñada, adoito para apaña-las cadelas.

A poder de pasar fame, puxo unha tenda nun buraco cheirento e escuro; alumado con vela de sebo, e durmía na trastenda. Despois gañou e chegou a merca-la casoupa na que vivía. Logo gañou máis, alugou a tenda e mudouse para outra meirande, e trouxo da súa terra a Dona Emerenciana, co seu capacho e o seu periquito no cume do peinado, que metía na praza moeda falsa e rifaba coas regateiras e cos parroquianos, e á Nicasia, a filla, a quen non deixaba medra-la nai, que tiña un xenio coma un can adoecido.

Os tres cheiraban a bravío, coma as cabras. Mais a forza de fame, aforraban e daban réditos. E chegaron a mercar outra casa na Praza Maior. E despois gañaron máis, e mercaron a casa na que vivían e tiñan a tenda e as rendas dun señor velliño que alí morreu e que lle debía cartos.

E fóronse achinando. A larota era boa, mais o negocio ía para diante, e por fin arriscáronse a leva-la tenda para a Praza Maior, xa que non tiñan que pagar o aluguer. Daquela foi cando trouxeron a Celidonio.

1. Como aparece descrito o protagonista? Que elementos o animalizan?
2. Neste fragmento nárrese a ascensión dunha burguesía urbana de orixe castelá. Que defectos lle achaca Vicente Risco a esta clase social?

RAMÓN OTERO PEDRAYO

Os camiños da vida (1928), Os señores da terra

Xa facía tempo que a Ramonciña tiña choradas tódalas bágoas de nena. Agora, isolada, lonxe do irmán, ó fronte da casa deserta, sentiu medo e noxo. Voltaban da misa ó par dela algunhas mulleres: “Miña señoritiña, ¿non ten frío con tan pouca roupa?”. “Ollade á señorita que pulsos tan fortes ten, podería vencer un mozo na loita, si fora cousa digna da súa nacencia”. Ela ben se decatara das intencións das veciñas. Ben sabían que nin cartos para se vestir, nin amores para ela, tiña no pazo. Unha probe do fondo da parroquia díxolle con moito misterio, cunha admiración no acento e un pouco de lástima ou de ironía: “¡Sí vira o fatelo novo que lle veu onte á Bibiana da Burata! Mesmamente con el vai figurar unha Nosa Señora”.

Aquil domingo a fidalga apenas tiña que comer, ¡Ulas as pitas! Como non había porta no portal fuxían, ¡e quen as pillaba! Xa se sabía onde paraban; na casa da Burata. Levaban o camiño de tódalas cousas da casa. As millores mazás, maxeza das alaceas pra aló foron. Na gaveta, nin un triste chavo. A Ramonciña sentía frío na sala. Baixou á horta para coller unhas legumanzas. Polo menos un caldiño; pra ela e o rapaz

das vacas. Pois a criada non aparecera dende nantronte que saíra co gallo de dar unha volta pola casa. “Xa matinaba eu que son os contos de acolá”, cavilaba a señorita. Ó rubir da horta, aterecida, parou un instantiño na solaina; os orcelos cubrían docemente os poucos balustres que estaban en pé. Tamén o balcón se esborrallaba. Un consolo a raioliña de sol peneirado polas frías nubens; nin dil pudo gostar, iso que o can achegouse a ela dándolle fuciñadas garimosas. A Ramonciña rañándolle a testa ficou co ollar esvariado: figurábase o vivir da Rosalía. Agora saírían da misa, postas de manteleta, as señoras dos oficiás; agardáballes a casiña limpa; na praza tocaba a música militar. Non lle faltaría agarimo a carón da irmán, pois ela, a Ramonciña, era cariñosa e ben disposta prás angueiras da casa. Matinando nisto lembrouse do sobriño. ¡Aínda non o vira e xa o amaba! De ningunha maneira debería saber a vida do avó. ¡Pobriño! Entón cavilando no porvir, unha resolución forte endereitoulle o espírito. O seu deber era estar na casa. Defendela. Gardala pró sobriño. Soilo asina tivo forzas dabondo pra escoitar o balbordo que viña da casa da Burata. Mais chegando á probe mesa servindo na cociña a cunca de caldo ó rapaz, tremaba. Saiu ó curro. Ás vacas podíanselle contar os ósos. “Miña ama –decía o pastor–, as chaves da palleira tenas o señor, e os rapaces de acolá pastorean en tódolos comareiros da casa!”

Tripou un cabalo pola canella e chegou unha rara figura de home fracote, escanabouzado, xordo de comenencia e pitarroso dos ollos. Xa polos camiños se distinguía polo grande capotón que cubría os cadrís do faco deixando soilo saír a cola. O cabalo todo envolveito en pelaxe, acostumaba a pararse diante de tódalas portas. O recaudador. Polo portal da Pedreira metíase todo o mundo: as arroiadas, os cas famentos, os labregos, os pedichós. Unha noite tamén entrou o lobo e meteuse na corte das ovellas. A fidalga recibiu ó home cunha cortesía de quen teima cubrir a vergonza íntima. Ben se decatara il da falla de cartos. Naquil tempo a idea do Estado comezaba a facer forza na aldea. Hastra entón gobernaban potencias anergas, visibles, presentes. O poder estaba representado por monxes e cregos, por fidalgos cobradores e comedores, mais ó tempo cheos de confianza cos paisanos. Moito tardou a idea abstracta do Estado en se sentir nos eidos. Daquela entraba no pazo o Estado na persoa dun novo tipo, nin labrego, nin señor. Co tempo os recaudadores fixéronse señorotes. A Ramonciña serviulle unha xerra de viño na mesa de pernas torneadas que estaba a carón da fiestra. O home bebeu e dixo que voltaría co recargo. A Ramonciña, para que se fora logo, contoulle unha historia de lobos: “Din os vellos que endexamais ouviron tantos. Eiquí menos mal, mais nas carballeiras da Campás de Abaixo ninguén se astreve a furar nin polo día. Non lle digo ren de Penasca-da. Alí, como é máis ermo, teñen unha fame rabeada. Ó noso abade saíronlle fai dúas noites na ponte dos Frades; recachou as pernas e picou a besta. Inda hoxe ó misar lle tremaban as mans”.

Fuxiu o home. A Ramonciña, estrozada, sentía xermolear un xenio adoecido. Medraba o balbordo na casa de “Acolá”. Alí comíase e bebíase, emporcallando a vellez e os bes do seu pai.

1. Sitúa *Os camiños da vida* dentro da obra narrativa de Otero. Cal é a súa principal temática?
2. Como aparece reflectida a decadencia da fidalguía neste fragmento?

Arredor de si (1930)

O gran sol do San Xoán afundía o verde brillar das viñas, debuxaba en ouro o galgar dos piñeirais polas costas, tremelucía no cachón do río. Tempo de esperanzas xa calladas, de madurez de primavera, de terrón aínda fresqueiro baixo os longos días triunfantes.

[...]

Decorreron cerca de dous días, calados, fondos, atentos ao máis pequeno movemento do doente. Dona María só deixaba a casa para ir un instante a bicar á velliña. Contáballe piadosos enganos. Ata lle dixo que don Bernaldo desexaba un docíño de guindas, que había na casa. Dona María fitaba, fría e descoñecida, ao Xacobe sen lle dicir unha palabra.

Anoitecendo o segundo día, chegou Adrián da estación. Viña máis fraco, desfeito da viaxe. A nai, refuxiándose no seu peito, chorou por fin bágoas consoladoras. Fuxía a derradeira inquietude da cara do doente e a súa man acariñaba a testa do sobriño axeonllado. Na noite ficaram sós. Entón o doente faloulle ao Adrián:

—Meu fillo, vai ao despacho e descolga aquel mapa grande... Quero velo antes de morrer... O sobriño coa axuda do señor Pascual trouxo á alcoba o mapa de Fontán. Pendurárono da parede. Os ollos do enfermo reviviron. A man figuraba sinalar horizontes. Unha pura alegría animaba a cara muchíña e branca. Adrián cunha vela na man ía alumando os lugares que o vello dicía con voz lonxana: Corme, Laxe, Camariñas, Niñóns... Adrián non sabía sempre atopar os sitios. O enfermo falaba:

—“Non, á dereita, á esquerda, un pouco ao norte”. A vela alumou longamente un nome e o sitio de Compostela. Adrián lía nomes de montes, de ríos, de ermidas. A luz ía seguindo os trazados dos camiños.

Naqueles instantes estraños e fondos figuraban lucir no mapa agras marelas de centeo, ermos vestidos de flores de toxo e de piorno, serras penedosas, campanarios barrocos, xente que vai polos carreiros aos muíños e ás feiras, verdeceres de camposantos, fuxir de augas, praias douradas, galgar de ondas nos cons, velas que saen roselando o mar, orballeiras sobre as arboredas mestas, rúas de vellas cidades, soidades de esquecidos mosteiros.

Adrián sentíase conmovido ata o máis fondo do seu ser. Tremándolle a man foi alumeando todo o camiño de Santiago, a terra de Ourense, as dúas aldeñas xemeas do val onde eles estaban, parou un instante como un cirio funeral no nome do pobiño no que morría D. Bernaldo e logo foi recorrendo todo o debuxo das fronteiras e costas da Galicia: Don Bernaldo xa non falaba. Sorría. Grosas bágoas queimaban as fazulas de Adrián. Tivo que saír á sala e liberar os seus saloucos na fiestra, cara á noite. Logo atendendo os signos do doente púxolle o crucifixo nas mans. Xa non o afastaba dos beizos.

Chegaba dona María co abade. Un feble suspirar fuxía axiña do leito. O crego murmuraba as oracións de agonía. Un rumor como da derradeira auga dunha fonte que se enxoi. Don Bernaldo morría docemente, e unha negra sombra corría sobre o mapa de Galicia.

1. Resume o contido do fragmento que vés de ler.
2. Pescuda información sobre estes tres personaxes centrais da novela *Arredor de si*: Dona María, don Bernaldo e Adrián Solovio. De quen é trasunto literario este último?
3. Visualiza este fragmento no vídeo que podes atopar na rede:
<https://www.youtube.com/watch?v=Z7ziMoELzQ>



Ramón Otero Pedrayo no seu despacho en Trasalba.

CASTELAO

Cousas (1926)

UNHA RÚA NUN PORTO LONXANO do norte. As tabernas están acuguladas de mariñeiros e botan polas súas portas o bafo quente dos borrachos. Xentes de todas as castes do mundo, cantigas a gorxa rachada, música de pianolas chocas, moito fedor a sebo...

Un mariñeiro que fala francés tropeza cun mariñeiro que fala inglés. Os dous fanse promesas de gran amizade, cada un no seu falar. E sen entenderse camiñan xuntos, collidos do brazo, servíndose mutuamente de puntales.

O mariñeiro que fala francés e mais o mariñeiro que fala inglés entran nunha taberna servida por un home gordo. Queren perder o sentido xuntos, para seren máis amigos. ¡Quen sabe se despois de ben borrachos poderán entenderse!

E cando o mariñeiro que fala inglés xa non rexe co seu corpo comeza a cantar:

Lanchiña que vas en vela;
levas panos e refaixos
para a miña Manoela.

O mariñeiro que fala francés, arregala os ollos, abrázase ao compañeiro, e comenza tamén a cantar:

Lanchiña que vas en vela;
levas panos e refaixos
para a miña Manoela.

¡¡A-iu-jú-jú!! Os dous mariñeiros eran galegos.

O taberneiro, gordo coma un flamengo de caste, veu saílos dous mariñeiros da taberna e pola súa facia-na bermella escorregaron as bágoas. E despois dixo para si nun laído saudoso:

¡Lanchiña que vas en vela!

Tamén o taberneiro era galego.

1. Que diferenza existe entre o comportamento dos dous mariñeiros e o do taberneiro?
2. Por que coidas que o taberneiro non se recoñece como galego ante os seus paisanos?

SI EU FOSE AUTOR escribiría unha peza en dous lances. A obriña duraría dez minutos nada máis.

LANCE PRIMEIRO

Érguese o pano e aparece unha corte aldeán. Enriba do estrume hai unha vaca morta. Ó redor da vaca hai unha vella velliña, unha muller avellentada, unha moza garrida, dúas rapaciñas bonitas, un vello petrucio e tres nenos loiros. Todos choran a fío e enxoitan os ollos coas mans. Todos fan o pranto e din cousas tristes que fan rir, ditos paifocos de xentes labregas, angurentas e cobizosas, que pensan que a morte dunha vaca é unha gran desgracia. O pranto debe ter unha gracia choqueira para que estoupem de risa os do patio de butacas.

E cando se farten de rir os señoritos baixará o pano.



LANCE SEGUNDO

Érguese o pano e aparece un estrado elegante, adobiado con moito señorío. Enriba dunha mesa de pés ferrados de bronce, hai unha bandexa de prata, enriba da bandexa hai unha almofada de damasco, enriba da almofada hai unha cadeliña morta. A cadela morta semellará unha folerpa de neve. Ó seu redor chora unha fidalgona e dúas fidalguiñas novas. Todas elas fan o pranto e enxoitan as bágoas con paníños de encaixe. Todas van dicindo, unha por unha, as mesmas parvadas que dixeron os labregos diante da vaca morta, ditos tristes que fan rir, porque a morte dunha cadela non é para tanto.

E cando a xente do galiñeiro se farte de rir a cachón, baixará o pano moi amodiño.

1. Explica en que consiste o hibridismo xenérico deste texto.
2. Elabora un esquema comparativo dos dous lances indicando en cada un as características dos personaxes, os elementos escénicos, a reacción do público e a simboloxía do animal morto.
3. O autor é obxectivo real ou aparentemente? Xustifica a túa resposta.
4. Segundo Castelao, pode a fidalguía dirixir Galiza? Que clases sociais se preocupan polas cuestións realmente útiles e importantes para o país?

CHEGOU DAS AMÉRICAS UN HOME RICO e trouxo consigo un negriño cubano, coma quen trai unha mona, un papagaio, un fonógrafo...

O negriño foi medrando na aldea, onde deprende a falar con enxebreza, a puntear muiñeiras, a botar aturuxos abrouxadores.

Un día morreu o home rico e Panchito trocou de amo para gana-lo pan. Co tempo fíxose mozo cumprido, sen máis chatas que a súa coor... Aínda que era negro coma o pote, tiña gracia dabondo para facerse querer de todos. Endomingado, con un caravel enriba da orella e unha ponla de malva na chaqueta, parecía talmente un mozo das festas.

Unha noite de estrelas xurdeu no seu maxín a idea de saír polo mundo á cata de riquezas. Tamén Panchito sinteu, como tódolos mozos da aldea, os anxeios de emigrar. E unha mañán de moita tristura gabeou polas escaleiras dun trasatlántico.

Panchito ía camiño da Habana e os seus ollos mollados e brillantes esculcaban no mar as terras deixadas pola popa.

Nunha rúa da Habana o negro Panchito tropezou cun home da súa aldea e confesoulle saloucando:

—Ai, eu non me afago nesta terra de tanto sol; eu non me afago con esta xente. ¡Eu morro!

Panchito retornou á aldea. Chegou probe i endeble; pero trouxo moita fartura no corazón. Tamén trouxo un sombreiro de palla e mais un traxe branco...



1. Segundo este relato, cales son os trazos que definen a identidade nacional: a cosmovisión e a cultura ou a raza? Xustifica a túa resposta citando fragmentos do texto.

ROMUALDO ERA UN HOME "FINO". Polas súas maneiras xeitosas conqueriu creto de home ben ensinado, aunque as súas cortesías co chapeu na man non tiñan certamente o cuño da fidalguía enxebre. A Romualdo, tan mixiriqueiro, tan fricoleiro, non lle acaía un oficio de traballo, e dispois de chorarse moito logrou meter cabeza no xuzgado municipal, onde viveu esborrachando papel, deica o día do seu pasamento. Romualdo ademais de escribente era un gran catador de viño, calidade que lle deixara o seu pai en herdo.

No beber era como no escribir: moitos grolíños de viño enviados de xeito melindroso, letriña miúda con rabiños enribirichados. Tan "fino" no xuzgado coma na taberna. Romualdo emborrachábase moitas veces; pero endexamais esgallou as pernas. Canto máis viño levase a bordo máis cortesías facía.

Unha vez Romualdo pasou a noite toda de parranda e no intre de chegar á súa casa topouse cuns amigos. Era domingo.

— Anda, Romualdo, vente conosco, que imos xantar unha empanada.

— Ben; pero agardai un anaquiño que vou dicirlló á miña muller.

E Romualdo entrou deseguida na súa casa. Os amigos sentiro un gran estrondo e dispois unhas verbas adoecidas. ¡Lacazán! ¡Borrachón! ¡Pelexo! A muller de Romualdo mallaba no home coma quen malla nun fol vello. ¡Plim, plam! ¡Plim, plam!

Romualdo apareceu amañando a roupa, e con cara de ledicia finxida díxolle ós seus amigos:

— Ímonos xa, que non está ninguén na casa.



ERA UN NENIÑO DE MANTEIGA, bonito coma un caravel. Ningunha señora podía ollalo sen bicalo.

Vistidiño coma un príncipe de lenda, tiña un ollar tristeiro de neno medrado en sedas e bicos.

Os seus traxes primorosos facían do neno un monequiño para bicar con degaro.

O seu traxe de antroido custaba dous meses de traballo, e a súa nai revíase de ledicia.

Porque á súa beira tódolos nenos daban mágoa, vistidiños con traxes cativos.

E a fermosura do neno foi a súa desgracia.

Pouco a pouco, na quentura dos agarimos, o neno fíxose mozo. Un mozo cheo de bondade. Unha bondade chea de inocencia.

O mozo entrou nunha academia militar e a súa nai choraba, choraba; mais no fondo do fondo da súa ialma ela ben arelaba que o seu fillo fose distinto.

E cando chegou vistido de cadete a nai entoleceu de fachenda. E o mozo seguía coa súa bondade limpa e branca de neno.

Un día o mozo marchou á guerra por obriga da súa profesión.

E alí caíu ferido de morte. E ó morrer non dixo máis que esta frase tremendamente trágica:

¡Ay, mi mamaíta!



Retrincos (1934)

O RETRATO

Por amaina-la conciencia guindei co meu tiduo de médico no fondo dunha gabeta e busquei outra maneira de me valer. As xentes xa non sabían que eu era dono de tan tremenda licencia oficial; mais unha noite foron requeridos os meus servizos.

Era domingo. Melchor, o taberneiro, agardaba por min ó pé da porta. Doume as "boas noites" e rompeu a chorar, e por antre os saloucos saíanlle as verbas tan estruchadas que somentes logrou decirme que tiña un fillo a morrer.

O probe pai turraba por min, i eu deixábame levar, enfeitizado pola súa door. ¡Dispois de todo eu era médico tiduado e non podía negarme! E tiven tan fortes anxeios de complacelo que sentín xurdir nos meus adentros unha gran cencia...

Cando chegamos á casa de Melchor, logrei arriarme das súas mans, e con finxido acoitamento confesei-lle que sabía pouco da carreira...

—Repara que fai moitos anos que non visito enfermos.

I entón Melchor, facendo un esforzo, díxome quedamente.

—O meu fillo xa non precisa de médicos. Eu xa sei que o coitado non pasa da noite. ¡E váiseme, señor; váiseme e non teño ningún retrato seu!

¡Ai! eu non fora chamado como médico; eu fora chamado como retratista, e no intre sentín ganas acedadas de botarme a rir.

E por verme ceibe de xeira tan macabra díxenlle que unha fotografía era mellor que un deseño, asegurei-lle que de noite poden facerse fotografías, e botando man de moitos razonamentos logrei que Melchor largase de min á cata dun fotógrafo.

A cousa quedaba arrombada, e funme durmir, con mil ideas ensarilladas na chola.

Cando estaba prendendo no sono petaron na miña porta. Era Melchor.

—¡Os fotógrafos din que non teñen magnesio!

E díxomo tremendo de anguria. A face albeira, e os ollos coma dous tetos de carne vermella de tanto chorar.

Endexamais fitei a un home tan desfeito pola door.

Pregaba, pregaba, e collíame as mans, e turraba por min, e o malpocado decía cousas que me rachaban as entranas:

—Considérese, señor. Dous riscos de vostede nun papel e xa poderei ollar sempre a cariña do meu neno. ¡Non me deixe na escuridade, señor!

¡Quen tería corazón para negarse! Collín papel e lápiz, e alá me fun con Melchor, disposto a facer un retrato do rapaz moribundo.

Todo estaba quedo e todo estaba calado. Unha luz cansa alumeaba, en amarelo, dúas facianas arrepiantes que ventaban a morte. O neno era o centro daquela probeza da materia.

Sen decir ren senteime a dibuxa-lo que ollaban os meus ollos de terra, e somentes ó cabo de algún tempo conseguín afacerme ó drama que fitaba e aínda esquecelo un pouco, para poder traballar afervorado,

como un artista. E cando o deseño estaba xa no seu punto a voz de Melchor, agrandada por tanto silencio, fireume con estas verbas:

—¡Pola ialma dos seus difuntos, non mo retrate así! ¡Non lle poña esa cara tan encoveirada e tan triste!

Confeso que ó volver á realidade non soupén qué facer, e púxenme a repasa-las liñas xa feitas do retrato. O silencio foi esgazado novamente por Melchor:

—Vostede ben sabe como era o meu rapaciño. Faga memoria, señor, e dibúxemo rindo.

De súpeto nasceume unha gran idea. Rachei o traballo, ensumín o meu ollar nun novo papel branco e dibuxei un neno imaxinario. Inventei un neno moi bonito, moi bonito; un anxo de retablo barroco, a sorrir.

Entreguei o dibuxo e saín fuxindo, e no intre de poñer-lo pé na rúa sentín que choraban dentro da casa. A morte viñeira.

Agora Melchor consólase ollando a miña obra, que está pendurada enriba da cómoda, e sempre di coa mellor fe do mundo:

—Tiven moitos fillos, pero o máis bonito de todos foi o que me morreu. Velaí está o retrato, que non minte.

Pontevedra, 1922

1. O autor fainos ver como, en ocasións, nin a ciencia nin a técnica poden axudar ao ser humano. Sinala onde aparecen referidas estas manifestacións do saber humano e explica por que non logran ofrecerlle consolo a Melchor.
2. Que papel lle atribúe Castelao á arte neste relato? Discútidelo na aula en grupos pequenos e, logo de nomear unha persoa voceira de cada un deles, expoñede as vosas conclusións.



— Os señores non lle gusta a choiva.
— Pero gústanlle as patacas...

Viñeta do álbum Nós.